CARLOS VIEITEZ FERNANDEZ (1 para 2)
ALCALDE-PRESIDENTE
Data de Sinatura: 25/08/2026
HASH: 289e1c52edab8828aa5d3c03e6691 7ee

BEATRIZ LOPEZ DE CASTRO GARCIA (2 para 2)
SECRETARIA-INTERVENTORA
Data de Sinatura: 25/08/2026
HASH: caf7dba5e590f6c26d64aebcd9a10224

EXPEDIENTE: 137/2026

ASUNTO: ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DO SUBMINISTRO DUN VEHÍCULO PATRULLA ECOLÓXICO CON DOTACIÓN MEDIOAMBIENTAL PARA A POLICÍAL LOCAL DO CONCELLO DE MEAÑO MEDIANTE PROCEDEMENTO ABERTO SIMPLIFICADO SUMARIO

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

RESOLUCION DE ALCALDIA
Número: 2026-0505 Data: 25/08/2026

ANTECEDENTES

1.- Mediante Resolución da Alcaldía nº 2026-0095 de data 25/02/2026 se solicita, ao abeiro da ORDE do 16 de xaneiro de 2026 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2026, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia (códigos de procedemento PR483A, PR483B, PR483C e PR483D) unha subvención para o proxecto "Adquisición de vehículo patrulla ecológico con dotación medioambiental", cun orzamento total 40.805,12 €, IVE incluído, integrado polas seguintes actuacións:

Denominación da actuación	Orzamento	Tipo de gasto	Subvención solicitada
"Adquisición de vehículo patrulla ecológico con dotación medioambiental",	40.805,12 €	Investimento	32.000,00 €

Co rexistro de entrada nº 2026-E-RC-2846 de data 02/07/2026 a Dirección Xeral de Administración Local notifica ao concello de Meaño a concesión dunha subvención por importe total de 30.603,84 €, para o proxecto denominado "Adquisición de vehículo patrulla ecolóxico con dotación medioambiental", segundo o detalle que se indica a continuación:

ORZAMENTO TOTAL:	**40.805,12 €**
- Orzamento gastos de funcionamento:	0,00 €
- Orzamento investimentos:	40.805,12 €
IMPORTE TOTAL SUBVENCIÓN:	**30.603,84 €**
- Importe subvención para gastos de funcionamento:	0,00 €
- Importe subvención para investimentos:	30.603,84 €
PORCENTAXE DE FINANCIAMENTO:	
% financiamento gastos de funcionamento:	
% financiamento investimentos:	75%

2º.- Consta no expediente informe xurídico de data 15/07/2026, RC Nº 220260004467 na aplicación 132-6240001 por importe de 40.805,12 €, así como informe de intervención de fiscalización da autorización do gasto.

Cod. Validación: 96G5H5TKP3MFNT622SWZFA5CL
Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3

3º.- Resolución da alcaldía nº 2026-0426 de data 16/07/2026 aprobouse o expediente de contratación por procedemento aberto simplificado sumario cun orzamento base de licitación de 40.805,12, os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán a adxudicación, e o gasto por importe total de 40.805,12 €.

4º.- O anuncio de licitación publicouse na plataforma de contratos de Galicia (ID 828662), presentándose as seguintes ofertas a través do sistema de licitación electrónico SILEX da Comunidade Autónoma de Galicia, abertas pola unidade técnica o día 03/08/2026:

Empresa	Data de presentación	Hora
VEHICULOS, EQUIPAMIENTOS Y CARROCERIAS PRIETO-PUGA S.L.	22/07/2026	10:17
BAYSAN QUALTY PRO S.L.	29/07/2026	12:33

Revisada a documentación detéctase que a proposta formulada por BAYSAN QUALTY PRO S.L. non se axusta ao contido establecido no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, non constando a documentación establecida na Cláusula 18 e cadro resumo apartado B, e se le require para que no prazo de 2 días hábiles dende a recepción da comunicación procedan a subsanar ou emendar a súa proposición.

Con data 05/08/2026 BAYSAN QUALTY PRO S.L., rexistro de entrada n.º 2026-E-RE-1477, achega a documentación requirida.

A unidade técnica o día 18/08/2026 vista a documentación presentada achegada por BAYSAN QUALTY PRO S.L. e o informe emitido polo Policía Local segundo o cal o ponte de luces ARCUS – AR-06AZ non reúne o requisito técnico do grado de protección IPX9 e IPX6, establecido no Prego de Prescricións técnicas que rexen no procedemento, exclúe da licitación a proposta formulada por BAYSAN QUALTY PRO S.L., por non reunir os requisitos técnicos esixidos no Prego de Prescricións Técnicas.

Quedando a valoración como segue:

EMPRESA	Importe ofertado sen IVE	PREZO (MÁXIMO 70 PUNTOS)	AMPLIACIÓN PRAZO GARANTÍA máximo 15 puntos, 5 puntos por ano)	DISTANCIA TALLER OFICIAL (10 puntos hasta 100 km do concello)	REDUCCIÓN PRAZO DE ENTREGA 5 puntos (Redución de 7 días)	PUNTUACION TOTAL
VEHÍCULOS, EQUIPAMIENTOS Y CARROCERIAS PRIETO-PUGA SL (B15134182)	32.082,00 €	70,00	5	10	5	90,00

6.- Consta informe de fiscalización favorable de data 24/08/2026.

A vista do exposto e de conformidade co establecido no artigo 175 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, esta Alcaldía **RESOLVE:**

PRIMEIRO.-Avocar, de xeito singular e para esta contratación, a competencia como órgano de contratación delegada na Xunta de Goberno Local por resolución de esta Alcaldía de

RESOLUCION DE ALCALDIA
Número: 2026-0505 Data: 25/08/2026

Cod. Validación: 96G5H5TKP3MFNT622SWZFA5CL
Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3

30/06/2023 (nº2023-0427).

SEGUNDO.-Excluír da licitación a empresa da BAYSAN QUALTY PRO S.L. por non reunir o ponte de luces ofertado ARCUS – AR-06AZ o requisito técnico do grado de protección IPX9 E IPX6 establecido no Prego de Prescricións Técnicas.

TERCEIRO.-Adxudicar o contrato de subministro dun "VEHÍCULO PATRULLA ECOLÓXICO CON DOTACIÓN MEDIOAMBIENTAL PARA A POLICÍAL LOCAL DO CONCELLO DE MEAÑO" a empresa VEHÍCULOS, EQUIPAMIENTOS Y CARROCERÍAS PRIETO-PUGA, S.L. (CIF: B-15134182) polo importe de 38.819,22 € (IVE incluído).

O contrato executarase segundo o Prego de Cláusulas Económico-Administrativas Particulares e Prego de Cláusulas de Prescricións Técnicas que rexen nesta contratación e a oferta formulada polo adxudicatario:

- 1 (UN) ano adicional de ampliación do prazo de garantía sinalado no PCAP.
- Taller do servizo oficial da marca: GALMOTOR, Crta. Nacional. 550, Km. 125,1 - Cabanas, Salcedo (Pontevedra) a unha distancia de 31 Km.
- 7 (Sete) días naturais de redución do prazo de entrega ofertado con respecto ao prazo de execución previsto.

CUARTO.- Dispoñer o gasto con cargo á aplicación presupostaría 132-6240001, polo importe de 38.819,22 €

QUINTO.- Requirir ao adxudicatario para que no prazo máximo de 3 días hábiles seguintes á notificación da adxudicación proceda á formalización do contrato, mediante a sinatura de aceptación da resolución de adxudicación (artigo 159.6.g da LCSP).

SEXTO.- Publicar a adxudicación no perfil do contratante no prazo de 15 días.

SÉTIMO.- Dar conta da presente Resolución á Xunta de Goberno Local do Concello de Meaño na seguinte sesión que se celebre.

Mándao e asínao o alcalde, en Meaño, na data indicada á marxe, do que como secretaria-interventora accidental da corporación dou fe para os exclusivos efectos do disposto no artigo 3.2 letra e) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo.

(Documento datado e asinado dixitalmente á marxe)

Cod. Validación: 96G5H5TKP3MFNT622SWZFA5CL
Corrección: https://concellodemeano.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3